

DECRETO. Aprobación das Bases de participación nas actividades extraescolares e formativas adultos “Sada Educa” 2017-2018

Logo de ver a proposta efectuada pola Concelleira Delegada de Educación, Xuventude e Saúde con data 1 de setembro de 2017, pola que solicita aprobación das Bases de participación nas actividades extraescolares e formativas do programa Sada Educa 2017-2018, RESOLVO:

- 1.- Prestar aprobación ás ditas Bases.
- 2.- Ordenar a súa publicación na paxina web do Concello, nos taboleiros informativos do Concello e na Oficina da Xuventude, así como a continuación dos trámites sucesivos.

BASES PARTICIPACION NO PROGRAMA SADA EDUCA. CURSO 2017-2018

Artigo 1º.-Obxeto.

Sada Educa é un programa promovido pola Concellaría Educación, Xuventude e Saúde, do Concello de Sada, que conxuga actividades extraescolares e formativas fóra do horario lectivo, a maior parte delas nos centros educativos e instalacións municipais.

Os seus obxectivos céntranse, por unha parte no caso das extraescolares, na creación dunha oferta socieducativa que permita a conciliación da vida familiar e laboral e fomento de novas capacidades. Os obxectivos que se derivan do paquete de actividades para adultos, parten dunha demanda formativa para fomentar o plurilingüismo e o aprendizaxe de novos idiomas e capacidades.

Artigo 2º.-Destinatarios/as.

As **actividades extraescolares** están dirixidas ao alumnado empadroado en Sada que curse os ciclos de Educación Infantil, Educación Primaria, Educación Secundaria Obrigatoria, e Bacharelato, complementándose entre sí as que imparte a propia Concellaría de Educación e as que ofertan as ANPAS dos diferentes centros.

No caso das **actividades formativas para adultos**, o público destinatario será alumnado de Bacharelato e público adulto en xeral.

Só poderán ser admitidas nestas actividades aquelas persoas que estén ao corrente de pago nas actividades do programa Sada Educa de cursos anteriores, previa comprobación de oficio cos servizos económicos municipais.

Artigo 3º.- Temporalización e lugar de realización.

- As actividades do programa Sada Educa comezarán o luns día **2 de outubro de 2017** e finalizarán o **venres 21 de xuño de 2018**.

Haberá períodos vacacionais nas seguintes datas:

Nadal: Do 22 de decembro de 2017 ao 7 de xaneiro de 2018 (ambos inclusive)

Entroido: Días 12, 13 e 14 de febreiro de 2018

Semana Santa: Do 24 de marzo ao 2 de abril (ambos inclusive)

Días non lectivos establecidos por cada centro de ensino (variará segundo o acordo de centro escolar)

Lugar de realización do programa Sada Educa:

Centros de ensino do municipio

Equipamentos municipais

Escolas infantís Municipais

Artigo 4º.- Inscripción para participar no programa Sada Educa

A inscrición será polo presente curso escolar (2017-2018). O alumnado inscrito en anos anteriores deberá realizar e presentar igualmente a documentación requirida. Non existe reserva de praza si participou no programa Sada Educa en cursos anteriores.

O alumnado deberá formalizar a inscrición das actividades a través das seguintes vías:

PRESENCIALMENTE coa folla de inscrición que se facilita e debe ser entregada na Oficina da Xuventude.

CORREO ELECTRÓNICO, descargando o formulario na paxina web municipal: www.concellodesada.com e enviándoa ao correo omixsada@gmail.com

ON-LINE no formulario habilitado onde haberá que introducir os datos, cuxa ligazón estará na web municipal no apartado SADA EDUCA 2017-2018 (apartado Concellaría Educación).

No caso de participantes derivados dos servizos sociais de atención primaria, previo informe favorable dos/as técnicos, as prazas serán cubertas por adxudicación directa dende o momento en que a Concellaría de Educación reciba o informe preceptivo.

Artigo 5º.- Prazos

O prazo ordinario de inscrición será:

Do **11 ao 17 de setembro de 2017** (ambos inclusive) na OMIX en horario de 09:00 a 14:00. A través do correo electrónico e o formulario online, pódese enviar a calquera hora do día dentro desas datas.

A publicación da **listaxe provisional de admitidos e de agarda**, será o **20 de setembro**.

A **formalización definitiva** da inscrición será mediante a presentación do xustificante de pagamento de cada unha das actividades no prazo **do 21 ao 27 de setembro** (ambos inclusive) ben de forma presencial na OMIX en horario de 09:00 h. a 14:00 h. e de 16:00 h. a 18:00 h. ou no correo electrónico omixsada@gmail.com ata as 23: 59 h. último día do prazo. No caso de aplicar desconto no pagamento, deberase axuntar copia do documento que o acredite.

A **non** formalización da inscrición neste prazo suporá a renuncia da praza, pasando o dereito ao seguinte en listaxe de agarda.

Prazo extraordinario: en calquera momento durante o curso escolar sempre que se dispoña de prazas vacantes e sen listaxe de agarda.

Artigo 6º.- Sorteo público, grupos de actividades a realizar e horarios das mesmas.

Para que as actividades se podan realizar terá que haber un **mínimo de 8** solicitudes no momento da preinscrición.

Na medida do posible, e naquelas actividades **onde a demanda sexa superior a oferta**, cabe a posibilidade da creación de novos grupos (por idades) , polo que os horarios poderán sufrir modificacións. Nestas actividades concretas as prazas serán cubertas por **sorteo**. O sorteo público, de ser o caso, terá lugar o día **19 de setembro** ás **12.00 horas** no local de actividades da OMIX.

Artigo 7º.- Prezos e períodos de pagamento:

Os prezos de aplicación para os/as participantes no programa Sada Educa 2017-2018 serán os que se establezan no informe de prezo público previa aprobación dos Servizos Económicos Municipais.

Establécense tres modalidades de pagamento:

1.- Actividades extraescolares (Educación Infantil, Educación Primaria, E.S.O. e Bacharelato):

O **1º pago** do mes (**outubro**) deberá realizarse entre os días **21 e 27 de setembro** (ambos inclusive) na conta bancaria **ABANCA ES40-2080-5161-85-3110007604**. Unha vez realizado o pagamento deberá adxuntarse copia do mesmo na Oficina da Xuventude.

O resto dos meses o pago realizarase a través de **domiciliación bancaria**.

Xunto co impreso de inscrición deberá presentarse **documento de designación da conta bancaria**, que deberá estar **selado pola entidade bancaria ou vir acompañado do certificado de conta cliente** proporcionado pola entidade bancaria (non será valido un recibo bancario nin a copia da cartilla).

O **2º pago:** (**Novembro e Decembro**) Os servizos económicos do concello de Sada serán os encargados de realizar o cargo correspondente mediante domiciliación bancaria da ou das actividades realizadas polo alumno/a.

O **3º pago:** (**Xaneiro, Febreiro, Marzo**). Igual que no 2º pago.

O **4º pago:** (**Abril, Maio, Xuño**). Igual que no 2º e 3º pago.

En caso de alumnado que desexe realizar o **cambio de domiciliación** durante o curso, deberá entregar no rexistro municipal (á atención dos Servizos Económicos Municipais) o novo documento de designación da conta bancaria entre o 1 e o 15 do mes anterior a que se pase o recibo.

Nota: No caso de alumnado que se incorpore ao longo do curso e que dispoña de praza, deberá realizar o ingreso da parte proporcional dos meses restantes (ben sexa para o 2º, 3º ou 4º prazo de pagamento).

2.- Actividades Formativas Adultos:

O pago das actividades formativas para adultos realizarase en dous prazos:

1º prazo.- Realizarase entre os días **21 e 27 de setembro** (ambos inclusive) na conta bancaria **ABANCA ES40-2080-5161-85-3110007604** correspondentes aos meses de (outubro, novembro, decembro, xaneiro e febreiro). Unha vez realizado o pagamento deberá axuntarse copia do mesmo na Oficina da Xuventude.

2º prazo.- Que corresponde aos meses de marzo, abril, maio e xuño realizarase na mesma conta bancaria entre os días **19 e 23 de febreiro** (ambos inclusive)

Nota: No caso de alumnado que se incorpore ao longo do curso e que dispoña de praza, deberán realizar o ingreso da parte proporcional dos meses restantes (ben sexa para o 1º ou 2º prazo de pagamento).

3.- Participantes derivados dos Servizos Sociais:

Tanto nas actividades extraescolares coma nas actividades formativas para adultos, cabe a posibilidade da **exención do pago** previo informe de servizos sociais.

Artigo 8º. Descontos

Os descontos aplicaranse só ao alumnado de Educación Infantil, Educación Primaria, E.S.O. e Bacharelato.

50%: A todos os membros integrantes de Familias Numerosas. (imprescindible aportar copia do título de F.N.).

20% : Irmáns/ás. (imprescindible aportar Libro de Familia). O desconto aplicarase sobre a cota de cada un dos irmáns/ás.

Non se establecen descontos para ás actividades formativas de adultos.

Artigo 9º.- Baixa na actividade

Para cursar baixa na actividade, o/a interesado/a deberá comunicalo entre o 1 e o 15 do mes anterior ao que se desexa causar baixa. De non tramitalo antes desa data, constará como participante de “alta” e deberá asumir o pago correspondente.

Non se considerará baixa na actividade si o/a alumno/a lle comunica de palabra ao profesor/a que non vai seguir asistindo ao curso.

A baixa na actividade deberá presentarse no rexistro municipal (á atención dos Servizos Económicos Municipais) mediante modelo “baixa da actividade”.

Nota: As baixas tramitadas en tempo e forma como se indica no primeiro parágrafo do artigo 9º, permitirá ao alumnado poder solicitar a devolución da parte proporcional dos meses abonados.

Concellaría de Educación, Xuventude e Saúde

Concello de Sada
